

XUNTANZA COMISIÓN SEGUIMENTO ACORDO CONCERTACIÓN E PRESENTACIÓN DAS EMENDAS AOS GRUPOS PARLAMENTARIOS

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2021

CUESTIONS PRINCIPAIS TRATADAS

- Recuperar o pago da **carreira profesional extraordinaria** nos termos pactados, garantindo o pago correspondente ao ano 2021, unha vez **desbloqueada a sentenza da CIG**.
- **Incluír ao persoal interino e temporal**, nos termos da mellora do **acordo do 23 de xullo de 2019**
- **Eliminar a Disposición Transitoria 1º bis** da Lei de Emprego Público de Galicia, sobre “**interinización**” do persoal laboral temporal.

O obxectivo é desatascar a situación creada por unha sentenza que o único que conseguiu foi a paralización do pago da carreira profesional extraordinaria a todos e todas.

- Confirmación de que os **Bombeiros/as Xefes de Brigada** que teñan a **equivalencia expedida polo Ministerio de Educación**, do título de Capataz Forestal co de **TÉCNICO**, **poderán**, en virtude do que recolle o EBEP, **funcionarizarse no subgrupo C1**, mantendo a denominación e as mesmas funcións que viñan realizando.
- **Valorar positivamente** as pequenas melloras de considerar o **24 e 31 de decembro como 2 festivos máis para os que os traballen**, volver ás **quenda diúrnas de 7-7** e ás **diúrnas/nocturnas de 7-7-10** e considerar as “**X**” en **carteleira**, como días efectivos de traballo.

Pero indicar que estes avances seguiran sendo insuficientes, mentres non se restitúan as compensacións por traballar en festivos e domingos.

Como a administración segue sen aceptar/confirmar, na Lei de medidas, as cuestións que se relacionan, trasladámolo aos grupos parlamentarios para que o incorporen como emendas:

- Artigo 80 – **Promoción interna a corpos de subgrupos de clasificación non necesariamente inmediatamente superior**, segundo o artigo 18 do TREBEP.
- Artigo 80 bis – **Promoción interna temporal**, para cubrir necesidades de servizo temporal, en termos parecidos ao recollido no estatuto marco do SERGAS.
- Disposición Transitoria Primeira – que se **estableza a data do TREBEP, 5/2015** de 30 de outubro, para os **efectos da funcionarización** do persoal laboral fixo.
- Disposición **Transitoria Primeira bis** – que se **elimine esta disposición**, para que as prazas funcionarizadas poidan seguir sendo ocupadas por laborais temporais.
- Disposición Transitoria Oitava – Aclarar que a **consolidación do grao** do persoal laboral funcionarizado, se produce **no nivel do posto que xa viña desempeñando**, polo que non cabe aplicar o criterio de funcionario de novo ingreso.

- Disposición Adicional Oitava – **creación escalas**
 - **Axentes policía demanial**, especialidade estradas e dominio público hidráulico, no subgrupo C2
 - Enxeñeiros, crear a especialidade de **enxeñería informática**
- Disposición Adicional Novena – modificacións
 - **Escala Técnica de mantemento e servizos** – incluír Ciclo Formativo Superior en automoción ou FP2 en mecánica e electrónica do automóbil.
 - **Corpo facultativo superior** – na escala facultativa crear a especialidade de **inclusión sociolaboral ou intervención sociocomunitaria**.
 - **Corpo facultativo grao medio** – o mesmo
 - **Escala de axentes facultativos, especialidade animación sociocultural** – por ser recente a nova titulación que habilita para o grupo B, que se permita a funcionarización deste colectivo no grupo C1, mantendo as mesmas funcións, como no caso dos Axentes e dos Delineantes.

OUTRAS CUESTIÓN TRATADAS

- **TEXIS** – consideran que o certificado habilitante, a pesar do establecido na DA 8º e DT 2ª do RDL 132/2010, non permite acceder a funcionarización. En todo caso diante da nosa insistencia, van solicitar un informe a Consellería de Cultura, Educación e FP para determinar si esta titulación habilitante equivale a unha titulación de TÉCNICO.
- **Criterios para o percibo do complemento de carreira profesional e/ou complemento retributivo análogo, segundo a administración:**
 - **Seguirano cobrando aqueles:**
 - Cuxa categoría non foi proposta a funcionarizar pola Administración.
 - Que carezan da titulación requirida para funcionarizarse.
 - **Non o seguiran cobrando aqueles que:**
 - Non se matricularon no proceso.
 - Non se presentaron ás probas.
 - Non superaron as probas.
 - Non tomen posesión, logo de ter superado o proceso.
 - aqueles da categoría III-099 que non se funcionaricen no C2. Os que opten por funcionarizarse no C2, pasaran a cobrar os trienios e carreira dese subgrupo, e se lle aplicaríase un complemento de funcionarización para manter a diferenza salarial co grupo III.

Estas casuísticas e algunha máis deben aparecer recollidas para coñecemento de todo o persoal que poida estar afectado polos procesos de funcionarización.